



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE BETANZOS PARA A REALIZACIÓN DE MELLORAS NO APARCADOIRO EXTERIOR DO EDIFICIO XUDICIAL DE BETANZOS.

1.- Esta consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de de xustiza en virtude do artigo 20 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, que se exercen a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. É desexo desta Consellería a realización de todas aquelas actuacións coas que poida acadarse a maior eficacia en relación cos temas da Administración de xustiza en xeral, segundo as funcións que lle atribúe o Decreto Decreto 72/2013, do 25 de abril, no que se establece a súa estrutura orgánica.

2.- **Antecedentes:** A Xunta de Galicia asumiu no ano 1995 a provisión de medios materiais e económicos para o funcionamento da Administración de xustiza, e desde aquela iniciouse unha política en materia de infraestruturas coa finalidade de actuar na entón moi necesaria renovación das instalacións xudiciais ou, se fose o caso, de acometer a construción de nova planta de edificios xudiciais. Neste ámbito competencial, a Xunta de Galicia aprobou, no ano 2009, o Plan de Infraestruturas Xudiciais para a planificación das actuacións precisas en Galicia, tanto de nova planta, como de actuacións de rehabilitación ou mellora das instalacións existentes.

3.- **Finalidade:** Para os efectos sinalados, formalizouse con data 3 de xuño de 2016, o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o cumprimento, polas partes, das obrigas asumidas. En ningún caso excederá do 31 de decembro de 2016.

4.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

Na colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Betanzos para a realización das obras de ampliación do aparcamento situado na parte traseira do edificio xudicial de Betanzos para uso exclusivo do persoal ao servizo da Administración de xustiza e para uso dos vehículos policiais, de modo que se poida





evitar que os furgóns policiais cos detidos aparquen directamente na praza Irmáns García Naveira, o que obriga a estes a transitar pola citada vía pública, salvagardando así a necesaria discreción e confidencialidade.


5.- A Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza transferirá ao Concello de Betanzos polo importe do 50% do gasto total preciso para a realización das obras, ata un límite máximo de OITO MIL EUROS (8.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016.

6.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2016

A secretaria xeral técnica



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Betanzos para a realización de melloras no aparcadoiro exterior do edificio xudicial de Betanzos*, é unha imaxe obtida mediante o escaneamento íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 3 de xuño de 2016.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.

